

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 12 de xaneiro de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTE:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día doce de decembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o interventor xeral accidental, Sr. Suárez Sánchez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL DURANTE OS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2008. EXPTE. 2954/335

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 22 de decembro de 2008 emitido polo xefe do servizo de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno Local acorda:

Quedar enterada dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de **gasto menor** no Servizo de Animación sociocultural, autorizados polo concelleiro delegado de Animación sociocultural, nos meses de outubro, novembro e decembro de 2008.

2.- ASISTENCIA DE MARTA NÚÑEZ ABOY Á FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS DE MADRID ENTRE O 19 E O 23 DE XANEIRO EN COMISIÓN DE SERVIZO. EXPTE. 11429/331

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 2 de xaneiro de 2009 emitido pola técnica de xestión da programación coa conformidade do xefe do Departamento de Cultura e do concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Que se autorice a asistencia de Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 á Feira das Artes Escénicas que terá lugar en Madrid entre os días 19 e 23 de xaneiro de 2009.
2. Que se autoricen os seguintes gastos: 413,48 € por 4 dietas enteiras, con cargo á partida 4510.230.01.00 “dietas de persoal” e 400 € de viaxe (billetes de avión e desprazamentos por Madrid), con cargo á partida 4510.231.00.00 “gastos de locomoción”.

3. Que o citado pagamento se realice a favor de Marta Núñez Aboy, DNI 36138380-K, a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

3.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE BOXEO PARA A REALIZACIÓN DO "CAMPIONATO DE EUROPA DE BOXEO". EXPTE. 8397/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 2 de xaneiro de 2009 emitido polo director do IMD, coa conformidade do concelleiro delegado de Deportes, visto o informe da Asesoría Xurídica de data 5 de xaneiro, así como o documento contable da Intervención de data 8 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Federación Galega de Boxeo, para a celebración do Campionato de Europa de Boxeo que se vai celebrar o 16 de xaneiro de 2009, e que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Aprobar o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade Federación Galega de Boxeo, CIF: G-15108996 e con enderezo social na rúa Luis Ksado, 17, oficina 15 Vigo 36209. O pagamento realizarase na conta 0049-0170-54-2210237411 con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01 do vixente orzamento.

Cuarto.- Habilitar ó concelleiro delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez para asinar este convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE BOXEO PARA A CELEBRACIÓN DO "CAMPIONATO DE EUROPA DE BOXEO".

No Concello de Vigo, con data de 2009.

Por parte do Concello de Vigo: D. Francisco Xabier Alonso Pérez, Concelleiro Delegado de deportes

En nome e representación da "Federación Galega de Boxeo", CIF: G-15108996, D. Mario Di Giosia Nieto, Delegado da Federación Gallega de Boxeo e representante Legal da mesma.

Ambas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para asinar o presente convenio.

MANIFESTAN

Que en aras do interese deportivo e social que para a cidade de Vigo ten a realización do "Campionato de Europa de Boxeo", o Excmo. Concello de Vigo e a entidade "Federación Galega de Boxeo" conveñen a realización do mesmo o 16 de xaneiro de 2009.

PRESCRICIÓN

Primeira: *O obxecto do presente convenio establécese na colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a Federación Galega de Boxeo para o desenvolvemento dos evento deportivo "Campionato de Europa de Boxeo" o día 16 de xaneiro de 2009.*

Segunda: *A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para a o ano 2009; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

Esta subvención ten un claro carácter de interese publico social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4C da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas no convenio teñen un alto interese publico e social, dada a súa natureza de promoción e difusión do programa deportivo.

A subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrência dado que a Federación Galega de Boxeo é unha Institución única e ten experiencia para o fomento deportivo en Vigo, sendo a entidade que desenvolveu proxectos similares en base a ser a entidade que ten as autorizacións federativas para a organización deste evento.

A Federación Galega de Boxeo para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG.

Terceira O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

- 1.- Autorizar a organización do evento deportivo "Campionato de Europa de Boxeo" o 16 de xaneiro de 2009 á Federación Galega de Boxeo.
- 2.- Colaborar no financiamento do Torneo "Campionato de Europa de Boxeo" a través da subvención á "Federación Galega de Boxeo" en relación ós gastos para a organización e desenvolvemento do "Campionato de Europa de Boxeo", por unha cantidade de 20.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.01, Subvencións Eventos Deportivos, do orzamento en vigor.

Cuarta A Federación Galega de Boxeo asume as seguintes obrigas:

- 1.- Organizar o "Campionato de Europa de Boxeo".
- 2.- Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.
- 3.- A organización comprométese a presentar un proxecto xeral de todos os requisitos da organización cun mes de antelación á celebración do evento.
- 4.- Todos os medios de difusión e promoción deberán empregar o galego como idioma cooficial da proba. Así mesmo, na instalación onde se celebre o evento figurará en lugar visible publicidade da Concellería de Deportes-Concello de Vigo.
- 5.- A organización porá a disposición da Concellería de deportes un mínimo de 150 invitacións para promover o evento.
- 6.- Responder da veracidade dos datos da solicitude.
- 7.- Cumprir todas as normas do clausulado do convenio.

Quinta: O seguimento da execución da execución do presente convenio será realizado polo servizo de Deportes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A Concellería de Deportes, a través do servizo de Deportes e do IMD, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte da Federación Galega de Boxeo da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O Servizo de Deportes, como órgano instrutor, poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo, a través dos seus servizos municipais poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de selo caso, á revogación da subvención outorgada e á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver solicitar axudas do Concello de Vigo.

O Concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio.

Sexta Así mesmo acordan que todos os ingresos derivados da organización do "Campionato de Europa de Boxeo" serán percibidos en beneficio da "Federación Galega de Boxeo".

Sétima: A vixencia do presente convenio será única e exclusivamente para a realización do "Campionato de Europa de Boxeo".

Oitava As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Novena A Federación Galega de Boxeo deberá comunicar ó Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización do "Campionato de Europa de Boxeo" .

Décima A xustificación da subvención farase por parte do beneficiario en forma de conta xustificativa, segundo o previsto no artigo 28 da LSG. A conta xustificativa deberá incluír unha declaración das actividades realizadas que teñan sido financiadas coa subvención, así como o seu custo, co desglose de cada un dos gastos incorridos.

Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio, a federación Galega de Boxeo deberá achegar coa memoria correspondente a seguinte documentación:

- 1.- Balance de Ingresos e gastos do evento.
- 2.- Relación conformada das facturas presentadas como xustificación da subvención.
- 3.- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio, polo importe da subvención concedida, incluídos na relación anterior, coas seguintes especificidades:
 - a Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente o obxecto do presente convenio.
 - b Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.
 - c) Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de participantes, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
 - d En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa co proxecto do evento organizado e subvencionado, sen que sexa necesario facer constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatoria.

Coa xustificación deberá entregarse a acreditación de se atopar ó corrente cos cumprimentos das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Así mesmo entregarase unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades subvencionadas neste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade. Se o importe da subvención municipal illadamente ou en concorrencia con outras subvencións recibidas polo beneficiario para a actividade subvencionada excedese do custo desta, procederá o reintegro de tal exceso a esta Administración municipal ou a cantidade proporcional que proceda cando o dereito de reintegro municipal conorra co dereito de reintegro dos concedentes das outras subvencións concorrentes.

Tras a presentación da conta, que deberá realizarse no prazo máximo de tres meses dende a finalización da actividade realizada, o Director Deportivo do IMD procederá a emitir un certificado sobre a realización do evento e de conformidade coa conta xustificativa, previa o pagamento dos 20.000,00 € correspondentes á subvención.

Así o conveñen no lugar e data no encabezamento expresados, e asinan por triplicado o presente documento.

4.- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO Ó CONVENIO MARCO SOBRE O PORTELO ÚNICO INTERADMINISTRATIVO. EXPTE. 3683/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 10 de decembro de 2008 emitido

polo xefe do Departamento de Informática coa conformidade do concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a adhesión do Concello de Vigo o Convenio Marco Entre a Administración Xeral do Estado e a Administración da Xunta de Galicia para a creación de espazos comúns de atención á cidadanía que permita a prestación de servizos integrados de información, orientación, atención e tramitación sobre determinados aspectos da actividade administrativa.

Este Convenio Marco ten por obxecto acordar a colaboración entre a Administración Xeral do Estado e a Administración da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das actuacións precisas para establecer progresivamente unha rede de espazos comúns de atención á cidadanía que permita a prestación de servizos integrados de información, orientación, atención e tramitación sobre determinados aspectos da actividade administrativa coordinando para tal fin o exercicio das competencias das Administracións intervintes, entendendo por tales as asinantes deste Convenio e as Entidades Locais que se adhiran ao mesmo.

Inicialmente, o Concello de Vigo adhírese ao Convenio Marco, comprometéndose a prestar un primeiro nivel de servizos correspondente ao das oficinas de contacto, é dicir, á recepción, rexistro e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións que dirixa o cidadán á Administración Pública.

O Texto íntegro do Convenio Marco e o seguinte:

“ 1. INTRODUCCIÓN

O 17 de abril de 2007 formalizouse O Convenio Marco entre a Administración Xeral do Estado e a Administración da Xunta de Galicia, publicado no Boletín Oficial do Estado de 5 de xullo de 2007 (número 160) e no Diario Oficial de Galicia de 6 de xullo de 2007 (número 131).

O devandito Convenio ten a súa base xurídica no Acordo do Consello de Ministros de 15 de xullo de 2005, publicado por Resolución de 19 de xullo de 2005, da Secretaría Xeral para a Administración Pública, para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán en colaboración coas Comunidades Autónomas e as Entidades que integran a Administración Local (BOE de 3 de agosto)

O devandito acordo configura unha rede de espazos comúns de atención ao cidadán que suporá no futuro o que os cidadáns poidan acceder a un crecente número de servizos normalizados de presentación de documentos, información e xestión de trámites e procedementos.

2.- OBXECTO DO CONVENIO MARCO

O Convenio Marco ten por obxecto acordar a colaboración entre a Administración Xeral do Estado e a Administración da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das actuacións precisas para establecer progresivamente unha rede de espazos comúns de atención á cidadanía que permita a prestación de servizos integrados de información, orientación, atención e tramitación sobre determinados aspectos da actividade administrativa coordinando para tal fin o exercicio das competencias das Administracións intervintes, entendendo por tales as asinantes deste Convenio e as Entidades Locais que se adhiran ao mesmo.

Para o logro do obxecto expresado no apartado anterior as Administracións intervintes comprométense, no exercicio das súas respectivas competencias, a:

a) Articular medidas e instrumentos de colaboración para a implantación coordinada e normalizada dunha rede de espazos comúns de atención á cidadanía, entendendo por espazos os modos ou canles polos que as persoas poden acceder ás informacións e servizos públicos (oficinas de atención presencial, atención telefónica, páxinas en Internet e outros).

b) Establecer un marco xeral de obrigacións para permitir, de conformidade co disposto no artigo 38.4.b da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que os cidadáns poidan presentar, nos rexistros das Entidades Locais do ámbito territorial da correspondente Comunidade Autónoma que se adhiran voluntariamente aos Convenios, as solicitudes, escritos e comunicacións que dirixan aos órganos e entidades de dereito público da Administración Xeral do Estado e da Administración da Xunta de Galicia.

c) Establecer compromisos para intercambiar, compartir e integrar medios e instrumentos de información á cidadanía; e en particular para a agregación e sindicación, cando resulte posible, de determinados contidos das

páxinas en Internet da responsabilidade dos intervinentes.

d) Configurar progresivamente a prestación conxunta de servizos de xestión mediante a simplificación e integración dos trámites e procedementos administrativos en que participen as administracións intervinentes, e a compatibilidade e interoperabilidade dos sistemas de información que os soporten.

3. OS DISTINTOS NIVEIS DE SERVIZO

O Convenio Marco permite a posibilidade de prestar distintos niveis de servizo ao cidadán a través de oficinas integradas. En función do servizo que se ofrece, estas oficinas pódense clasificar en:

1.- *Oficinas de contacto: prestación de servizos de recepción, rexistro e remisión de comunicacións do cidadán á Administración Pública.*

2.- *Oficinas de información: ademais dos servizos expresados para as Oficinas de contacto, desenvolvemento de servizos de atención e orientación personalizada ás persoas sobre os servizos públicos e informacións máis relevantes das Administracións intervinentes.*

3.- *Oficinas de xestión: ademais dos propios das dúas categorías anteriores, asumen un nivel avanzado definido pola prestación de servizos integrais de xestión que comprendan a tramitación conxunta de procedementos e trámites de competencia das distintas Administracións intervinentes.*

4.- A DE ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS

O Convenio Marco permite a adhesión das entidades locais do ámbito territorial da Administración da Xunta de Galicia.

Inicialmente, as entidades locais que se adhiran ao Convenio Marco, comprométense a prestar un primeiro nivel de servizos correspondente ao das oficinas de contacto, é dicir, á recepción, rexistro e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións que dirixa o cidadán á Administración Pública.

Nunha segunda fase a Comisión de Seguimento e Avaliación do Convenio, e sempre a vontade das entidades locais, poderá determinar a adscrición e clasificación das oficinas de contacto adheridas ao primeiro nivel en oficinas de información, nas que se prestará ademais dos servizos anteriores os correspondentes a un nivel máis avanzado, consistentes en ofrecer unha atención e orientación personalizada sobre os servizos públicos das Administracións intervinentes.

5.- FINANCIAMENTO:

O citado Convenio non contempla a existencia de gastos que requiran o establecemento dun sistema de financiamento no mesmo, considerando que os derivados do cumprimento do acordado non implican incremento dos programas ordinarios de gasto e investimento de cada Administración.

A este respecto, as entidades locais adheridas asumirán cos seus propios medios as accións a emprender en cumprimento das obrigacións da adhesión. Calquera necesidade de financiamento conxunto que puidese xurdir será, no seu caso, obxecto de acordo e formalización nun novo Convenio específico

6. PROCEDEMENTO PARA A ADHESIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS

As Entidades Locais interesadas en adherirse ao primeiro nivel de prestación de servizos deberán remitir a:

Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

Complexo Administrativo San Caetano, s/n.

15781 - Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfonos: 902 120 012.

Fax.: 981 545 274.

- *Solicitud do protocolo de adhesión (por triplicado) que figura como anexo ao Convenio Marco e que será asinado polos representantes das tres Administracións (dispoñible en www.eidolocal.es).*

- *Certificación do acordo do pleno da Entidade Local polo que se adopta a decisión de solicitar a adhesión ao Convenio Marco.*

- Cuestionario cumprimentado que será facilitado pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas da Xunta de Galicia a través do portal www.eidolocal.es.

Unha vez realizada a solicitude, a comisión de seguimento avaliará a mesma no prazo de 15 días e instará á Entidade Local para que proceda á publicación da Adhesión no Diario Oficial de Galicia.

7.- OBRIGACIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS QUE SE ADHIRAN.

As Entidades Locais que se adhiran nun primeiro nivel de prestación de servizos, comprométense a:

a) Configurar os seus rexistros como oficinas de contacto, admitindo a presentación nas mesmas de calquera solicitudes, escritos ou comunicacións dirixidos aos órganos da Administración Xeral do Estado e da Administración da Xunta de Galicia ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquelas, con independencia da súa localización territorial.

b) Deixar constancia nos seus rexistros da entrada de devanditas solicitudes, escritos e comunicacións, con indicación nos seus asentos do seu número, epígrafe expresivo da súa natureza, data de entrada, a data e hora da súa presentación, interesado ou órgano administrativo remitente, persoa ou órgano administrativo ao que se dirixe, así como unha referencia ao contido do escrito ou comunicación que se rexistra.

c) Remitir inmediatamente os documentos, unha vez rexistrados, e en todo caso dentro dos tres días seguintes ao da súa recepción, directamente aos órganos ou entidades destinatarios dos mesmos. A devandita remisión efectuarase polos medios máis apropiados para que a súa recepción prodúzase con moita brevidade, con especial utilización de medios informáticos, electrónicos e telemáticos nos supostos en que sexa posible.

8.- PRAZO DE VIXENCIA, PRÓRROGAS E EXTINCIÓN DO CONVENIO MARCO.

O período de vixencia do Convenio finalizará o 31 de decembro do ano 2014, podendo prorrogarse por acordo expreso das partes intervinentes adoptado antes do fin da súa vixencia. Tamén podería extinguirse a vixencia se o Convenio é denunciado, previa audiencia da Comisión de Seguimento e comunicación ás outras partes asinantes, por aquela que considere que se vulnerou o espírito do mesmo ou se incumpriu algunha das súas cláusulas. A denuncia efectuarase por escrito, cunha antelación mínima de tres meses á data. En todo caso, salvo pacto expreso, as partes comprométense a realizar as actuacións necesarias dirixidas á finalización das accións xa iniciadas.

9.- PRAZO DE VIXENCIA E EXTINCIÓN DAS ADHESIÓNS AO CONVENIO MARCO.

As adhesións das Entidades Locais ao Convenio Marco entrarán en vigor desde o día seguinte da publicación da adhesión no "Diario Oficial de Galicia".

As adhesións extinguiranse polo transcurso dos prazos de vixencia do Convenio Marco ou pola concorrencia das circunstancias previstas no apartado anterior.

Así mesmo, a adhesión de cada Entidade Local quedará sen efecto:

- Por denuncia expresa realizada por escrito e comunicada á Comisión de Seguimento cunha antelación mínima de tres meses á data en que se pretende teña eficacia.
- Por mutuo acordo entre devandita Entidade e as Administracións intervinentes.
- Por decisión unilateral dalgunha das partes cando se produza incumprimento grave acreditado das obrigacións asumidas. “

5.- TERCEIRA E ÚLTIMA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE MONITORAXE EN CESTERÍA DE VIMBIA DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL. EXPTE. 4687/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 16 de decembro de 2008 emitido pola xefa de Patrimonio Histórico e coa conformidade da concelleira delegada da Área de Patrimonio Histórico, o fiscalizado e conforme de data 30.12.2008 e o conforme do Interventor Xeral da mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar disposición de crédito por importe de 656,98 euros na partida 4531.227.06.01 (o bolsa de vinculación), en concepto de 3ª e última revisión de prezos do contrato de D.. Antonio Suárez Davila como monitor de cestería

en vimbio, acordado na Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2005, con cargo á que se pagará o incremento do IPC no período xullo 2007 – xullo 2008. Así pois, o importe final do contrato, aplicados todos os incrementos do IPC que lle corresponden, é de 13.832,28 euros.

6.- TERCEIRA E ÚLTIMA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE MONITORAXE DE MADEIRA DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL. EXPTE. 4686/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 15 de decembro de 2008 emitido pola xefa de Patrimonio Histórico e coa conformidade da concelleira delegada da Área de Patrimonio Histórico, o fiscalizado e conforme de data 30.12.2008 e o conforme do Interventor Xeral da mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar disposición de crédito por importe de 698,29 euros na partida 4531.227.06.01 (o bolsa de vinculación), en concepto de 3ª e última revisión de prezos do contrato de Dª. Mª Jesús Barreiro García como monitora de madeira aberta e colmo, acordado na Xunta de Goberno Local de 16 de maio de 2005, con cargo á que se pagará o incremento do IPC no período xullo 2007 – xullo 2008. Así pois, o importe final do contrato, aplicados todos os incrementos do IPC que lle corresponden, é de 13.873,60 euros.

7.- TRAMITACIÓN DE URXENCIA DAS HUMANIZACIÓNS CORRESPONDENTES Á PARTIDA DE INVESTIMENTOS DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2009. EXPTE. 58/440 E 84/440.

A) Área de Servizos Xerais (expte. 58/444):

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de data 15 de decembro de 2008 emitido pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

Tomar coñecemento de que se van a tramitar, polo procedemento de urxencia, os expedientes correspondentes ás obras de Humanización incluídas no presuposto de investimentos do Concello de Vigo para o ano 2009, que a continuación se indican:

- 2ª Fase de Humanización da Rúa Sanjurjo Badía, entre as Rúas Pedro Alvarado e Buenos Aires.
- 1ª Fase da Humanización da Rúa Alcalde Portanet.
- 2ª Fase da Humanización do entorno de Povisa: Rúas Regueiro e Tarragona.
- 1ª fase da Humanización da Rúa Simón Bolívar, entre as Rúas Venezuela e a Praza Elíptica.
- 2ª Fase de Humanización do entorno do Calvario: Rúas Extremadura e Cristo.
- 3ª Fase da Humanización da Travesía de Vigo: entre as Rúas Numancia e Urzáiz.
- 1ª Fase da Humanización do Entorno de Coia: Rúa Vilagarcía de Arousa.

De acordo co artigo 96 da Lei de Contratos do Sector Público, aplicándose ademais as normas procedimentais recollidas no Real Decreto 9/2008 de 28 de novembro, no relativo aos prazos indicados no artigo 9.1 apartados a) e b).

B) Concellería de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos (expte 84/440):

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de data 9 de xaneiro de 2009 emitido polo concelleiro delegado da Concellería de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno Local acorda:

Dar conta á Xunta de Goberno Local que se van tramitar, polo procedemento de urxencia, os expedientes incluídos no presuposto de investimento municipal que a continuación se indican:

- Redacción proxectos escavación arqueolóxica e Patrimonio Histórico.
- Creación espazos libre e urbanización Rúa San Sebastián.
- Creación espazos libre e urbanización Rúa Poboadores.

- Creación espazos libre e urbanización Rúa Celso Emilio Ferreiro.
- Creación espazos libre e urbanización Rúa Fermín Penzol.
- Adquisición inmobles Berbés uso público dotacional.
- Adquisición e rehabilitación proxectos en Rúa Alta.

De acordo co artigo 96 da Lei de Contratos do Sector Público, aplicándose ademais as normas procedimentais recollidas no Real Decreto 9/2008 do 28 de novembro, no relativo aos prazos indicados no artigo 9.1. apartados a) e b).

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

8.- MODIFICIACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 22.10.08 RELATIVO Á CLÁUSULA PRIMEIRA DO CONTRATO LABORAL DO LICENCIADO EN DEREITO ADSCRITO Ó SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL, OFICINA DE EMIGRACIÓN), SR. RIOBÓ VEIGA. EXPTE. 18739/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta, de data 2 de xaneiro de 2009, emitido polo técnico de Organización da Unidade de Persoal coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Modifica-lo erro contido no apartado primeiro do acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de outubro de 2008, que pasa a contar coa seguinte redacción:

“1º.- Formalizar contratos laborais temporais de traballador/a social e auxiliares administrativas baixo a modalidade contractual de obra ou servizo determinado, a xornada completa, regulado polo RD Legislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art.. 8.2 e 15 a), Lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, polo período comprendido entre a data do acordo da Xunta de Goberno Local e o 31 decembro de 2008, ás aspirantes :

Dª. Mónica Vázquez Quinta (Traballadora Social)	DNI 36.135.802-L
Dª. Paula María Fernández Fernández (Auxiliar Adm.)	DNI 36.134.100-L
Dª. Sonia Alonso Pérez (Auxiliar Administrativa)	DNI 36.093.761-E

Modifica-la cláusula primeira do contrato laboral de duración determinada formalizado en data 12 de maio de 2008 e subscrito co traballador D. LUIS ALBERTO RIOBÓ VEIGA, con NIF 78.736.786-N, coa categoría profesional de LICENCIADO EN DEREITO, modalidade a tempo parcial para a Oficina de Emigración-Convenio Xunta de Galicia-Concello de Vigo, dentro do Servizo de Benestar Social, en canto a duración da xornada laboral, que, de “xornada a tempo parcial” pasa ser de “xornada a tempo completo”.

Segundo.- Pola Unidade de Persoal, formalizárase o correspondente –Anexo- ao contrato de traballo, para a efectividade do presente acordo.

Terceiro.- Trasladar o presente acordo ó interesado e a Intervención Xeral, os efectos oportunos”.

9.- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE OBRAS PERTENCENTES Ó LEGADO DE POLICARPO SANZ PARA INCLUIR EN EXPOSICIÓN A CELEBRAR NO CENTRO TORRENTE BALLESTER DE FERROL NOS MESES DE XANEIRO A MARZO DE 2009. EXPTE. 3200/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia

por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta emitido polo director do Museo “Quiñones de León”, coa conformidade da concelleira delegada da Área de Patrimonio Histórico Presidenta da Xunta Reitora do Museo Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar o préstamo temporal ao Concello de Ferrol. Centro Torrente Ballester; para a exposición temporal “A Rebelión dos xéneros. Retratos, paisaxes e flores”, a celebrar entre o 6 de febreiro e o 3 de maio de 2009 no Centro Torrente Ballester.; da seguinte obra pertencente ao legado de Policarpo Sanz, da colección do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”: Nº 684; “ACIO DE FLORES” do autor JEAN FRANÇOIS ELIAERST, conforme coas condicións habituais establecidas polo museo municipal; dando coñecemento do mesmo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

10.- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE OBRAS PARA INCLUÍR NA EXPOSICIÓN “PORTAS DE LUZ, UNHA ACHEGA Á ARTE E CULTURA DE GALICIA DOS 70” A CELEBRAR NO CGAC DO 27 DE XANEIRO Ó 3 DE MAIO DE 2009. EXPTE. 3393/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta emitido polo director do Museo “Quiñones de León”, coa conformidade da concelleira delegada da Área de Patrimonio Histórico Presidenta da Xunta Reitora do Museo Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar o préstamo temporal ao CGAC. Centro Galego de Arte Contemporánea; para a exposición temporal “Unha achega a arte e a cultura na Galicia dos 70”, a celebrar entre o 27 de xaneiro e o 3 de maio de 2009 no CGAC. Centro Galego de Arte Contemporánea.; das seguintes obras pertencentes á colección de arte do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”: Nº 1073. Torso de dama. Acisclo Manzano. Nº 1074. Cabeza. Acisclo Manzano. Nº 498. Sen Título. Manuel Facal, conforme coas condicións habituais establecidas polo museo municipal; dando coñecemento do mesmo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e doce minutos. Como secretaria dou fe.

kv/am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.